

## **COMUNICADO DE PRENSA**    O CARBALLIÑO 5/11/16

**O PARTIDO POPULAR DENUNCIA A IRRESPONSABILIDADE E INCOMPETENCIA DO CONCELLEIRO DE SEGURIDADE ADOLFO NOGUEIRA E A PASIVIDADE DO ALCALDE FRANCISCO FUMEGA POR NON PRORROGAR ATA FIN DE ANO AOS AUXILIARES DE POLICÍA.**

**O GOBERNO MUNICIPAL SOCIALISTA CONTABA COS PERMISOS NECESARIOS DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS DA XUNTA E PARTIDA ECONÓMICA SUFICIENTE.**

Con data actual de 4 de novembro de 2016 remata o contrato dos catro auxiliares de Policía Local.

O Concelleiro Adolfo Nogueira, responsable do servizo xa contaba fai semanas coa petición motivada do xefe da Policía Local para que se solicitase prórroga.

No derradeiro Pleno municipal do 28 de outubro o Partido Popular preguntou pola situación destes contratos, sobre si se prorrogarían e nese intre aínda non se fixera nin sequera a solicitude de autorización por escrito á Dirección Xeral de Emerxencias da Xunta, cuestión que si se fixo ao día seguinte venres 29, logo da insistencia do Partido Popular.

Feita a solicitude, a Xunta contestoulle axiña ao Concello autorizando a prórroga destes contratos, dando por bos os razoamentos do xefe de Policía Local referidos a traballos necesarios no propio servizo. **Prórroga de dous meses ata o 31 de decembro, como se viña facendo estes derradeiros anos.**

O mércores desta propia semana presentouse por rexistro no Concello unha proposta do Partido popular dirixida ao Alcalde para que no caso de que existise aprobación por parte da Xunta de Galicia, se procedese a prorroga dos contratos. Cumpre recordar que esta dirección Xeral é a que ten competencias totais sobre os tipos de contratos e da o visto bo aos procedementos administrativos sobre as contratacións ou prórrogas destes tipo de persoal.

Pois ao Goberno municipal socialista, deulle igual, ter permiso da Xunta, telo solicitado o xefe da Policía Local, telo solicitado o Partido Popular ou incluso dálle igual ter partida orzamentaria para isto, que tamén a ten, **e o mais importante, que parece que a este Grupo Municipal Socialista dálle igual velar pola seguridade dos veciños.**

O Certo é que non se prorrogan os contratos e o servizo estará deficiente a partir deste momento, xa non só para poder atender eventos propios destas datas, senón que tamén nestes dous meses acumúlanse as vacacións dos efectivos de Policía, e onde as quendas terán que ser en moitos casos con **UN só axente, ou prescindir de quendas de noite**, asuntos dos que estaremos moi pendentes e que denunciaremos se fai falta día a día, para que quede demostrada a **irresponsabilidade do Concelleiro Adolfo Nogueira e da pasividade, sobre a súa incompetencia, do propio Alcalde Francisco Fumega.**